

Resolución do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, pola que se fai pública a puntuación definitiva da primeira fase do proceso selectivo (Praza núm.2).

Elévanse a definitivas as puntuacións provisionais da primeira fase do proceso selección para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunus dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (praza núm. 2).

O candidato presentado ao proceso de selección, Martin Fañanás Mastral (***4728**), obtén a seguinte puntuación:

- Artigo 13.1. letra a), publicacións de carácter científico: 29 puntos.
- Artigo 13.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 24 puntos.
- Artigo 13.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais: 11 puntos.
- Artigo 13.1. letra d), outros méritos relacionados co dominio ERC Ciencias Físicas e Enxeñería: 7 puntos.

Total: 71 puntos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

